

INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2018/19 (curso avaliado: 2017/18)

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 10/03/2020

Centro	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	
Titulación/s	Grao en Comercio Mestrado Universitario en Comercio Internacional Mestrado Universitario en Dirección de PEMES	
Alcance do proceso de seguimento interno	IRPD DAS TITULACIÓNS	<input checked="" type="checkbox"/>
	IRPD DO CENTRO	<input checked="" type="checkbox"/>

(IRPD: Informe de Revisión pola Dirección. (procedemento DE-03))

1 IRPD TITULACIÓNS

DIMENSIÓN 1: A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

Grao en Comercio:

- A taxa de abandono non acada de forma reiterada a meta asociada e na reflexión indicase que poder ser debido a que existe alumnado que se matricula nesta titulación e non é a súa primeira opción.

A taxa de preferencia que é a relación entre o número de estudantado que elixe un grao en 1ª opción e o número de prazas ofertadas dese grao para o curso 17/18 é de 98,08%

A taxa de adecuación que é a porcentaxe de estudantado de novo ingreso nun grao procedente de preinscrición que elixiu ese grao en 1ª opción para o curso 17/18 é 81,37%.

É necesario realizar unha reflexión con maior profundidade sobre o abandono co fin de coñecer as causas, xa que a vista dos resultados parece haber máis motivos. E posteriormente establecer accións de mellora para acadar a meta de calidade establecida.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación: ---

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implantado que asegura de xeito eficaz a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

Grao en Comercio:

- Nos puntos febles detectados deste criterio aparece “*unha maior implicación nos procesos de calidade de todas as partes implicadas*”. Sería conveniente apoiar esta valoración con unha xustificación na reflexión e explicar con máis detalle as accións de mellora que se van implantar.
- O resultados do graos de satisfacción co sistema de garantía de calidade do alumnado (2,75) non acada o valor medio (3) e aínda que non é significativo, non se realiza unha reflexión deste resultado.

DIMENSIÓN 2: RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

- Sería conveniente definir nos seguintes informes de revisión pola dirección a porcentaxe do persoal docente e investigador doutor xa que segundo establece o Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios:

“O persoal das universidades dedicado a actividades docentes e investigadoras estará composto, como mínimo, por:

a) Un 50% de doutores para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención dun título de grao.

b) Un 70% de doutores para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención dun título de máster.

...

Para estes efectos, o número total de profesores computarase sobre o equivalente en dedicación a tempo completo.”

Grao en Comercio:

- Indicase que é conveniente incrementar a oferta de cursos de formación do profesorado relacionados coa impartición de docencia non presencial. Esta debilidade debería ser o resultado da reflexión realizada neste criterio.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

- Recomendase analizar neste criterio os resultados das enquisas de satisfacción do bloque relacionado cos recursos materiais e servizos aínda que os resultados son satisfactorios.

DIMENSIÓN 3: RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel MECES do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:

Grao en Comercio:

- Sería recomendable completar con unha información máis concisa a acción de mellora “taxas de éxito baixas nalgunhas materias”.

<p>CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO</p>
<p>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.</p> <p>Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.</p>
<p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</p>
<p>Grao en Comercio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Hai unha debilidade asociada ao seguimento dos egresados que non aparece descrito na reflexión e tamén poderíanse detallar máis as accións desenvolvidas. - Hai unha debilidade asociada as taxas baixas de rendemento da titulación que no curso 17-18 foi do 59%, sendo a meta asociada do 55% e non hai unha reflexión asociada neste criterio. Poderíase explicar o motivo da debilidade e tamén podería ser interesante aumentar a meta de calidade. - Nesta acción de mellora establécese tamén o aumento da satisfacción. En cambio na reflexión recollese que as taxas son relativamente boas. O campo de debilidades atopadas debería ser o resultado da reflexión, existindo unha coherencia entre ambas.
<p>MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DA TITULACIÓN</p>

O mestrado en Dirección de PEMES ten na memoria 40 prazas ofertadas e ofertan 30 prazas anualmente. Este dato debería actualizarse na próxima modificación da memoria.

2 IRPD DO CENTRO

Actualización e utilidade do plan de accións de mellora do centro.

- As accións de mellora tanto as existentes como as novas deben estar na aplicación SGIC da secretaría virtual, indicando prazos, responsables, e actuacións que se desenvolverán.
- No informe non aparecen o seguimento de accións de mellora de cursos anteriores.

3 OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA

- Recoméndase que as metas de calidade asociadas aos resultados de enquisas de satisfacción sexan polo menos do valor medio dos resultados (3), e os valores inferiores a este valor deberían ter unha reflexión asociada aos motivos desta valoración.
- Recoméndase indicar no informe, unha breve análise das respostas a preguntas abertas das enquisas de satisfacción dos grupos de interese co fin de detectar posibles melloras no desenvolvemento da titulación
- No curso 17-18 non se realizaron enquisas de satisfacción do PAS e do profesorado xa que se realizan cada dous anos, por iso non hai datos de participación.
- Recoméndase realizar o informe nunha única lingua, aínda que haxa varias persoas que o realicen.
- Debería aparecer un resumo das QSP recibidas polo centro no lugar das QSP literais **xa que pode vulnerar a confidencialidade e/ou a protección de datos persoais.**

Alegacións presentadas ao informe de seguimento interno provisional:

Comentarios recollidos neste informe provisional de seguimento interno	Descrición das alegacións	Consideracións pola avaliación do seguimento interno
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
		Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: